

Industria divina

Xornalismo Radiografía dunha cultura ‘anormalmente normal’

O vicepresidente da Asociación Galega de Editores artella este volume en dúas partes: a primeira formada por dezaoito interesantes entrevistas feitas por el e publicadas entre 1989 e 1992, cando traballaba como xornalista no *Diario 16 de Galicia*, baixo o título “Un país a medio facer” –Rivas, Suso e Xelís de Toro, Ferrín, Cid Cabido, Pexegueiro, Reixa e Xurxo Souto entre outros– e a segunda, co lema “Vinte anos despois. O país que parece normal”, con catro reportaxes protagonizadas por Marful, Lupe Gómez, Carlos Blanco e a revista *Sonotone*. É gozosa a radiografía do campo literario galego –literario porque, malia ter vontade de analizar o conxunto da cultura, case todo o material atinxe ao literario– no tempo que vai do derrube do Muro de Berlín até as Olimpíadas de Barcelona, con Rivas querendo ser Marcial Lafuente Estefanía [xeneral do exército republicano e escritor de novelas de vaqueiros] mentres Suso de Toro pide para si a Camilo José Cela. Tamén paga a pena comprobar nestas entrevistas a forza e coherencia nos discursos de Cabido, Pexegueiro e Ferrín.

Restado isto, fica un artefacto editorial que se completa con textos novos para introducir os dous bloques, breves notas que contextualizan as entrevistas –nun corpo de letra perigoso para as cervicais–, divertidas fotografías e unha arrepiante fotomontaxe na capa.

O desequilibrio entre as dúas partes e a brevidade das introducións e das notas imposibilita que a tese do libro poida descansar lexitimamente sobre o material que contén. Isto parece entendelo o propio Alonso, quen asegura “non diagnosticar, só sinalar algunhas claves”, claves que redundan en dúas obsesións ben coñecidas: *normalidade* e *visibilidade* dos produtos culturais galegos. Para esquivar a espiñenta realidade de que o normal hoxe para unha industria é a economía de mercado (sexa dun capitalismo de rostro amable ou sanguinolento) e que a visibilidade pasa pola creación ou ocupación de nichos no tal merca-

**Un país
a medio facer·**
Fran Alonso ·
Xerais, 2008 ·
224 páx · 16,50 euros



do, convócase o concepto de “anormal normalidade”, o que volve situar a cultura galega levitando entre o divino e o humano (sinceramente, resultaría máis digno recorrer á excepción cultural), sen acabar de resolver nin sequera a ecuación entre a normalización lingüística e a normalización cultural na realidade dunha nación sen estado.

Alonso indica que a resistencia sacralizada e a obsesión por encher ocos foron substituídas durante os noventa pola busca da excelencia dentro dunha nacente industria cultural propia que xa non precisa mirar para a metrópole, mais fálta-lle probar todo isto cunha enquisa máis ampla do presente.

Con respecto á presunta superación da postura resistente, que nos debера outorgar a anteriormente mencionada *normalidade*, haberá que aclarar se a loita contra os papis iracundos de Galicia Bilingüe nos abonda para deter a sede endémica de castración que padece a coroa castelá e poder contemplar o mundo tranquilos dende o noso *blog*, preocupándonos xa só de nos defender dos *trols*.

Por parte, e contra o que afirma Alonso, a persistencia da obsesión por “encher ocos” queda fóra de toda dúbida ao estar no cerne da mesma necesidade de visibilidade, a través da etiquetaxe do produto cultural (Marful: “facemos música popular urbana galega”) e a presenza nos mercados internacionais (unha caseta nun recinto feiral é unha metáfora perfecta para un oco).

Falta, por fin, demostrar que a creación dunha industria cultural reporte beneficios para unha comunidade máis aló dos intereses privados ou das boas intencións. // **Xosé Carlos Hidalgo**

